



PLAN DE CONTINXENCIA

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Versión 01/02/2021

Este Plan de Continxencia ten por finalidade establecer as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19, consonte as últimas versións do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de Ensino non universitarios de Galicia para o cursos 2020-2021, do Plan de adaptación á situación covid-19 do centro, da Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, e da Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan as instrución para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. **Diante dunha persoa menor de idade** que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Proporcionaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado.

Se coincidisen no tempo máis de un caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a e o alumnado adulto que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinador do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun/-ha menor de idade con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnosticado da Covid 19 seguiránse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte del (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dunha franxa horaria ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente plan, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

11. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado a este Plan de Continxencia.

12. O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.
13. O/a titor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
14. A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, de acordo co modelo que se achega (Anexo-1).
15. Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de titoría para alumnado, e unha sesión de titoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.
16. A dirección do centro deberá realizar, á maior brevidade posible, a adaptación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para o desenvolvemento do actividade de ensino-aprendizaxe no ensino a distancia a fin de acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

17. Durante o(s) período(s) de actividade lectiva non presencial aplicarase a *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*
18. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo.
19. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
20. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, coordinación de curso, etc.), co apoio da persoa Coordinadora TIC quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente.
21. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polas coordinacións de nivel ou polo propio profesor. Igualmente o profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
22. O mesmo día do peche:
- a. a dirección do centro enviará un correo electrónico ao alumnado e publicará unha nova na web do centro.

b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ao alumnado e ás familias do alumnado menor idade, a través da aula virtual.

23. O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou tutores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

24. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 2 (programacións) das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de réxime especial.

25. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas aliñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

26. Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

27. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

28. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

29. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

30. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

ACTIVIDADE DOCENTE

31. Se a situación sanitaria fai preciso que a docencia sexa semipresencial ou non presencial, esta levarase a cabo a través das aulas virtuais do centro. Cada curso ordinario disporá dunha aula virtual, e o profesor/a responsable matriculará ou explicará ao seu alumnado como automatricularse no curso que lle corresponda.

32. Durante os primeiros días de clase, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte.

33. O profesorado asegurase de que o seu alumnado coñeza o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A. Situación de semipresencialidade ou de presencialidade rotatoria

34. Naqueles grupos nos que non se poida garantir a distancia de seguridade, as sesións presenciais repartiranse de xeito que a metade do grupo (do A ao L) terá clase presencial de dúas horas o primeiro día, e a outra metade (do M ao Z) terá clase presencial de dúas horas o segundo. O resto da docencia ata completar 4 horas semanais, impartirase na modalidade virtual con actividades de autoaprendizaxe preferentemente. Estas actividades asíncronas estarán centradas en contidos de lingua de comprensión e de uso do idioma, mentres que as actividades de expresión reservaranse para a aula presencial.

35. Para cumprir coa instrución da Consellería de manter a total presencialidade se se cumpriren as medidas de seguridade, cando o/a profesor/-a teña a certeza de que a asistencia regular do grupo non supere a capacidade da sala deberá suspender a rotación, previa comunicación á xefatura de estudos, e ao alumnado -e ás familias ou persoas titoras do alumnado menor de idade- no momento en que a dirección do centro dea a súa conformidade.

36. Todo o alumnado deberá saber que os grupos que seguen esta modalidade son cursos presenciais, con apoio virtual, polo que o alumnado non pode seguir o curso exclusivamente a través da aula virtual.

B. Situación de non presencialidade

37. Se algunha circunstancia obriga ao peche de todas ou algunha das aulas, ou se un/ha profesor/a ten que permanecer confinado durante un tempo, a docencia do(s) grupo(s) afectados desenvolverase de maneira totalmente non presencial, a través das plataformas Moodle e Webex.

38. Todas as actividades de lingua (comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, mediación, produción e coprodución escrita e produción e coprodución oral) traballaranse a través da plataforma webex ou na aula virtual de cada curso, con actividades de carácter eminentemente práctico.

39. A lectura ou visualización de recursos, as actividades de aprendizaxe, a entrega de tarefas, a comunicación co alumnado, etc. producirase de maneira asíncrona na aula virtual.

40. Garantirase a práctica da interacción entre o alumnado e entre alumnado e o profesor durante polo menos o 60% do tempo establecido para a clase presencial. O profesorado dedicará un mínimo de dúas horas semanais por grupo exclusivamente á práctica da produción, coprodución e mediación oral e resolución de dúbidas, e respectará o dereito ao lecer e ao descanso do alumnado.

41. A docencia síncrona, a través de Webex, realizarase dentro do horario presencial establecido inicialmente para o grupo. O profesorado informará por correo electrónico ao alumnado do seu grupo do horario semanal de conexión, e farao constar no documento correspondente para a súa publicación na páxina web da Escola.

42. O alumnado e o profesorado conectarase coa suficiente antelación, para o aproveitamento do período lectivo establecido.

43. Nas sesións síncronas, as tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible as do sistema presencial, e garantirán a interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado, de xeito que permita avanzar nas programacións e conseguir os obxectivos nelas descritos.

44. O profesorado adaptará a metodoloxía docente ás características de cada grupo (número de alumnado, nivel, necesidades detectadas, tipo de actividade(s) programada(s) ...) de maneira que se completen as actividades que se contemplan na programación e/ou que se decidan na coordinación do nivel.

45. O profesorado incluírá unha relación daquelas actividades que realizou co alumnado no horario establecido na súa folla de rexistro de actividades de teledocencia, titorización e coordinación, e actualizara dito rexistro alomenos semanalmente. Incluírá información sobre: data, horario, grupo, descrición da actividade, incidencias e participación do alumnado.

TITORÍA

46. O profesorado informará ao seu alumnado do seu horario semanal de titoría, que se realizará de forma telefónica, telemática ou por video chamada, concertando cita a través do correo electrónico do profesorado.

47. Nesta situación de non presencialidade, o control da asistencia ás sesións síncronas farase diariamente a través da plataforma CentrosNET.

48. O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou tutores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

AVALIACIÓN

49. O profesorado levará conta do progreso do seu alumnado durante a docencia non presencial.

C. Curso presencial con alumnado confinado

50. A docencia desenvolverase de maneira presencial con normalidade, e ao alumnado confinado proporciónanse materiais, a posibilidade de facer actividades e entregar tarefas, e apoio titorial. Avaliarse o seu progreso a través da aula virtual.

51. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

52. Co seguimento do curso en calquera desta modalidades (A, B ou C), o alumnado poderá lograr os mesmos obxectivos que coa docencia presencial.

MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.

53. A administración educativa garantizará o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

54. O/as titores/as identificarán ao alumnado que pola falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo, que seguirá as instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

55. O mesmo día do peche o centro afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias. Unha vez atendidas as necesidades iniciais, a dirección trasladará con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir, e esta trasladará á Amtega estas necesidades para a súa cobertura.

56. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ao alumnado e posterior recollida.

57. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro recollerá todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

58. Para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado, usaranse as ferramentas coas que conta a plataforma Moodle para tal fin.

59. A atención titorial farase tamén a través da aula virtual, por medio do correo electrónico ou a vídeo conferencia.

XESTIÓN E FUNCIONAMENTO DA AULA VIRTUAL

60. Cada coordinador de nivel:

- creará un curso virtual para a súa coordinación e o configurará cos parámetros establecidos: nome, categoría, agochado, forzar idioma
- matriculará co rol de profesor a todos os membros da coordinación
- coordinará a creación de materiais para a aula virtual
- Fará un seguimento da programación

61. No caso de todos os grupos dun nivel seren impartidos polo mesmo profesor ou haber un só grupo dese nivel, o docente creará directamente o seu curso, sen necesidade de crear un curso para a coordinación.

62. Cada profesor/-a:

- participará na creación de materiais para as coordinacións ás que pertenza
- creará un curso para cada grupo ou nivel que imparta e o configurará cos parámetros establecidos: nome, categoría, amosar, forzar idioma

- importará dende o curso da coordinación ao seu curso os materiais que se vaian elaborando
- establecerá unha chave que lle proporcionará ao seu alumnado para se automaticularen
- comprobará periódicamente que o listado de CentrosNet coincide co alumnado matriculado no curso
- solucionará as incidencias técnicas sinxelas que poida ter o alumnado ao accederen á aula virtual ou manexárense por ela
- trasladará ao coordinador TIC as incidencias que non sexa quen de resolver

63. A xefatura de departamento supervisará:

- que todos os grupos do seu idioma contan cun espazo de docencia virtual
- que todos os profesores do departamento teñen acceso ás súas coordinacións correspondentes co rol de profesor

64. A coordinación TIC:

- solucionará as incidencias técnicas que o profesorado lle traslade
- trasladará ao equipo directivo as incidencias técnicas que non sexa quen de resolver
- elaborará guías de apoio ao alumnado para se manexar pola aula virtual
- proporcionará apoio técnico ao profesorado que o precise

65. O alumnado:

- rexistrarse na aula virtual do centro
- automaticularse no seu curso correspondente, coa chave proporcionada polo seu profesor

66. Cando ao profesorado dun departamento ou coordinación deba dispoñer provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal substituto, o coordinador TIC daralle os permisos necesarios para facelo.

ÓRGANOS COLEXIADOS E DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA

67. Na situación de confinamento, as reunións faranse de xeito telemático, segundo o calendario previsto ao comezo de curso.

FORMACIÓN DO PROFESORADO E APOIO TÉCNICO

68. O profesorado que precise de formación básica necesaria deberá de realizar de xeito inmediato unha formación facilitada polo centro o polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación constitúe un dereito e unha obriga do profesorado, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Orgánica de Educación.

69. O profesorado contará con material formativo e de apoio en aberto na Aula virtual do Equipo TIC na plataforma Moodle do centro, que será actualizado regularmente.

70. A coordinación TIC prestará tamén apoio técnico ao profesorado nas dificultades que poida atopar no exercicio da docencia telemática, a través de webinars, foros de dúbidas e consultas e o correo electrónico.

71. Estará a dispor do profesorado a seguinte oferta formativa no eido das ferramentas dixitais para o ensino en liña:

- Materiais en aberto proporcionados polo CAFI
- Cursos sobre ferramentas dixitais para a teledocencia (nivel inicial e avanzado) impartidos na aula virtual da plataforma Moodle do centro polo CAFI
- Plan de formación permanente de profesorado do centro, que este curso xirará ao redor da docencia telemática e se impartirá de maneira virtual
- Seminario de formación sobre ensino mixto ofrecido polo CAFI, dentro do proxecto SBLENDID, un consorcio de formación Erasmus+ KA104
- Outros cursos ofrecidos polas administracións educativas, universidades, sindicatos, etc.

72. A vicedirección do centro informará ao longo do curso de cantas oportunidades de formación neste eido se vaian presentando.

ATENCIÓN AO PÚBLICO

73. A atención ao público por parte do equipo directivo, a conserxaría e a secretaría do centro durante os períodos de confinamento farase seguindo as instrucións das autoridades competentes.

Biblioteca

74. Mentres estea suspendida a actividade presencial, suspenderase tamén o servizo de biblioteca. O material emprestado devolverase cando se reanude a actividade presencial.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

75. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel faixa horaria ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial, que se graduará en función do número de grupos afectados e respectando o calendario establecido polas autoridades educativas e sanitarias. O retorno á actividade presencial irá en todo caso precedida de labores de desinfección e da revisión do plan de adaptación.

**HORARIOS DAS SESIÓNS DE DOCENCIA TELEMÁTICA DURANTE OS PERÍODOS DE
DOCENCIA NON PRESENCIAL**

DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/aleman_profesorado

GRUPO	PROFESOR/A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
AL-A1-1	Ina Wünschmann	Mércores, 09.00 - 10.00 Venres, 09.00 - 10.00
AL-A1-2	David Álvarez	Luns 16:30 - 17:30 Mércores 16:30 - 17:30
AL-A1-3	David Álvarez	Martes 17:30 - 18:30 Xoves 17:30 - 18:30

AL-A1-4	Ina Wünschmann	Martes, 19.35 - 20.35 Xoves, 19.35 - 20.35
---------	-------------------	---

AL-A1-INT-A	Frank Pose	lu, ma, xo, ve de 11:30 a 12:30
AL-A2-INT-B	Frank Pose	lu, ma, xo, ve de 11:30 a 12:30
AL-A2-1	Frank Pose	lu, mé de 09:30 a 10:30
AL-A2-2	Begoña Martínez	Me 17:30-19:30
AL-A2-3	Begoña Martínez	Ma 19:30-21:30
AL-B1.1-1	David Álvarez	Mércores 9:00-11:00
AL-B1.1-2	David Álvarez	Martes 19:30-21:30
AL-B1.2-1	Alfonso Porta	Ma + Xo de 9.05 - 10.05
AL-B1.2-2	Begoña Martínez	Me 19:30-21:30

AL-B2-1	Ina Wünschmann	Luns, 11.05 - 12.05 Venres, 11.05 - 12.05
AL-B2-2	Begoña Martínez	Ma 17:30-19:30
AL-C1.1-1	Alfonso Porta	Ma + Xo de 11:05 - 12.05
AL-C1.1-2	Frank Pose	ma e xo de 18:00 a 19:00
AL-C1.2-1	Alfonso Porta	Lu + Mé de 17:35 - 18:35
AL-C2-1	Ina Wünschmann	Martes, 17.35 - 18.35 Xoves, 17.35 - 18.35

DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/espanol_profesorado

GRUPO	PROFESOR/A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
ES-A2-1	Isabel Gómez Casteleiro	xoves 10:00-12:00
ES-A2-2	Isabel Gómez Casteleiro	mércores 15:30-17:30
ES-B1-1	Isabel Gómez Casteleiro	vernes 12:00-14:00
ES-B2-1	Isabel Gómez Casteleiro	luns 17:30-19:30

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/frances_profesorado

GRUPO	PROFESOR/A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
FR-A1-1	Isabelle Kerdudo	martes e venres 10:00-11:00
FR-A1-2	Dolores Patiño Casas	luns e venres 11h-12h
FR-A1-3	Isabelle Kerdudo	martes e xoves 12:00-13:00
FR-A1-4	Raquel Paz López	mércores e venres 15:30-16:30
FR-A1-5	Raquel Paz López	martes e venres 17:30-18:30

FR-A1-6	Susana Larrea Mas	xoves 19:30-21:30
FR-A1-INT-A	Susana Larrea Mas	mércores e venres 16:30-18:30
FR-A2-INT-B	Susana Larrea Mas	mércores e venres 16:30-18:30

FR-A2-1	Laurence GUILLAS	mércores 9:00-11:00
FR-A2-2	Laurence Guillas	meartes 11:00-13:00
FR-A2-3	Laurence Guillas	luns 15:30-17:30
FR-A2-4	Susana Larrea Mas	mércores 19:30-21:30
FR-B1-1	Alain Savidan	martes 9:00-11:00
FR-B1-2	Alain Savidan	luns 17:30-19:30
FR-B1-3	Alain Savidan	luns 19:30-21:30
FR-B2.1-1	Stéphane Moens	mércores 9:00-11:00
FR-B2.1-2	Stéphane Moens	xoves 17:30-19:30
FR-B2.1-INT-A	Raquel Paz	luns 19:30-20:30 martes 19:30-20:30 mércores 19:30-20:30 xoves 19:30-20:30
FR-B2.2-INT-B	Raquel Paz	luns 19:30-20:30 martes 19:30-20:30 mércores 19:30-20:30 xoves 19:30-20:30
FR-B2.2-1	Dolores Patiño Casas	Mércores 9:00-11:00
FR-B2.2-2	Dolores Patiño Casas	Xoves 18:30-20:30

FR-C1.1-1	Stéphane Moens	Martes 11:00-13:00
FR-C1.1-2	Stéphane Moens	Luns 19:30-21:30
FR-C1.2-1	Alain Savidan	Venres 11:00-13:00
FR-C1.2-2	Isabelle Kerdudo	luns e mércores 19:30-20:30
FR-C2-1	Laurence Guillas	Xoves 17:30-19:30

DEPARTAMENTO DE GALEGO

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/galego_profesorado

GRUPO	PROFESOR/A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
GA-A2-1	Esperanza Moreiras Cuñarro	9:00-11:00 Martes
GA-B1-1	Xosé Carlos García Freire	19:30-21:30 Xoves
GA-B2-1	Xosé Carlos García Freire	19:30-21:30 /Mércores

GA-C1-1	Dores Romeu/Ramón Vilar Landeira	Rey	09:00-11:00 horas Martes
GA-C1-2	Dores Romeu/Ramón Vilar Landeira	Rey	17:30-19:30 horas Mércores
GA-C2-1	Esperanza Moreiras Cuñarro		11:00-13:00 Martes
GA-C2-2	Esperanza Moreiras Cuñarro		15:30-17:30 Mércores
Celga 4-1	Dores Romeu/Ramón Vilar Landeira	Rey	11:00-13:00 horas Venres
Celga 4-2	Dores Romeu/Ramón Vilar Landeira	Rey	16:00-18:00 horas Xoves

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/ingles_profesorado

GRUPO	PROFESOR/A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
IN-A1/A2-1	Ángel Cerrato	Luns 11:00-13:00
IN-A1/A2-2	Ángel Cerrato	Martes 17:30-19:30
IN-A1-1	Roberto Magdaleno	Martes 11:00-13:00
IN-A1-2	Roberto Magdaleno	Martes 15:30-17:30
IN-A2-1	Beatriz Cañestro	Martes 9:00 - 11:00
IN-A2-2	Beatriz Cañestro	luns 17:30-19:30



Xacobeo 2021

IN-B1-1	Carla Dechant	martes e xoves 10:00-11:00
IN-B1-2	Carla Dechant	martes 12:00-13:00 venres 11:00-12:00
IN-B1-3	Carla Dechant	xoves e venres 13:00-14:00
IN-B1-4	Beatriz Cañestro	martes 12:00-14:00
IN-B1-5	Javier Villanueva	luns 15:30-17:30
IN-B1-6	Javier Villanueva	martes 17:30-19:30
IN-B1-7	Beatriz Cañestro	luns 19:30 - 21:30
IN-B1-8	Anabel González	mércores e venres 16:30-17:30
IN-B1-9	Anabel González	luns e mércores 18:30-19:30

IN-B2.1-1	Dolores Gómez/ Lucía Morado	luns e xoves 10:00-11:00
IN-B2.1-2	Dolores Gómez/ Lucía Morado	martes e venres 12:00-13:00
IN-B2.1-3	Laura Martínez	luns e xoves 11:00-12:00

IN-B2.1-4	Laura Martínez	mércores e venres 10:00-11:00
IN-B2.1-5	Mercedes Rivas/Sandra Padín	luns e xoves 16:30-17:30
IN-B2.1-6	Mercedes Rivas/Sandra Padín	martes e xoves 17:30-19:30
IN-B2.1-7	Mercedes Rivas/Sandra Padín	luns e mércores 19:30-20:30

IN-B21-8	Mario Arias	martes 17:30-19:30
IN-B2.2-1	Fernando Fernández	luns e xoves 10.00 - 11.00
IN-B2.2-2	Fernando Fernández	luns e xoves 12.00 - 13.00
IN-B2.2-3	Laura Martínez	martes e venres 13:00-14:00
IN-B2.2-4	Javier Villanueva	mércores 17:30-19:30
IN-B2.2-5	Javier Villanueva	xoves 19:30-21:30
IN-B2.2-6	Laura Martínez	luns e xoves 10:00-11:00
IN-B22-7	Mario Arias	mércores 18:30-20:30
IN-C1.1-1	Ángel Cerrato	mércores 9:00-11:00

IN-C1.1-2	Carmen de la Fuente	luns 11:00-13:00
IN-C1.1-3	Rosana Lozano	luns 15:30-17:30
IN-C1.1-4	Rosana Lozano	mércores 15:30-17:30
IN-C1.1-5	Rosana Lozano	martes 17:30-19:30
IN-C1.1-6	Ángel Cerrato	martes 19:30-21:30
IN-C1.1-7	Carmen de la Fuente	luns 09:00-11:00
IN-SEMI-C1.1-1	Isabel de la Cruz	venres 17:30-19:30
IN-C1.2-1	Roberto Magdaleno	xoves 09:00-11:00
IN-C1.2-2	Carmen de la Fuente	martes 11:00-13:00

IN-C1.2-3	Anabel González	luns e xoves 16:30-17:30
IN-C1.2-4	Anabel González	martes e xoves 18:30-19:30
IN-C1.2-5	Rosana Lozano	luns e mércores 19:30-20:30
IN-C1.2-6	Carmen de la Fuente	martes 09:00-11:00
IN-C2-1	Dolores Gómez/ Lucía Morado	mércores e venres 10:00-11:00
IN-C2-2	Dolores Gómez/ Lucía Morado	luns e xoves 11:00-12:00
IN-C2-3	Cristina Rodríguez	luns e xoves 13:00 - 14:00
IN-C2-4	Carla Dechant	luns e mércores 17:30-18:30

That's English Básico A2.3, A2.4	Mercedes Rivas/Sandra Padín	venres 9:00-10:30
That's English Básico A2.3, A2.4	Mercedes Rivas/Sandra Padín	martes 19:30-21:00
That's English Intermedio B1.1, B1.2	Gonzalo Constenla	martes 12:00-13:30
That's English Intermedio B1.1, B1.2	Gonzalo Constenla	mércores 18:30-20:00
That's English Intermedio B2.1, B2.2	Teresa Moralejo	9:00-10:30
That's English Intermedio B2.1, B2.2	Teresa Moralejo	17:00-18:30

That's English Intermedio B2.3, B2.4	Xerardo Fernández	9:00-10:30
That's English Intermedio B2.3, B2.4	Xerardo Fernández	18:30-20:00
That's English Avanzado C1.1, C1.2	Roberto Magdaleno	9:00-10:30
That's English Avanzado C1.1, C1.2	Roberto Magdaleno	18:30-20:00

DEPARTAMENTO DE ITALIANO

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/italiano_profesorado.

GRUPO	PROFESOR/ A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
IT-A1/A2-1	Susana Collazo Fondo	mércores 9:00-11:00
IT-A1/A2-2	Cristina González Piñeiro	martes 17:30-19:30
IT-A1/A2-3	Inmaculada Reino Suárez	luns 19:30 - 21:30
IT-A2-1	Inmaculada Carbón Puente	martes e venres 10:00-11:00
IT-B1-1	Inmaculada Reino Suárez	luns 17:30 - 19:30
IT-B2.1-1	Luís Xuncal Pereira	luns e venres de 11:00 a 12:00 horas
IT-B2.1-2	Luís Xuncal Pereira	martes de 18:30 a 19:30 horas xoves de 17:30 a 18:30 horas

IT-B2.2-1	Luís Xuncal Pereira	martes e xoves de 19:30 a 20:30 horas
IT-C1.1-1	Susana Collazo Fondo	mércores 17:30-19:30
IT-C1.2-1	Cristina González Piñeiro	xoves 19:30-21:30
IT-C2-1	Inmaculada Carbón Puente	luns e xoves 11:00-12:00

DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS

Pode consultar o enderezo de correo electrónico do profesorado e o seu horario de atención ao alumnado en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/portugues_profesorado

GRUPO	PROFESOR/A	HORARIO E DÍA DOCENCIA TELEMÁTICA SÍNCRONA
PO-A2-1	Eduardo Sanches Maragoto	lunes e mércores 9:00-10:00
PO-A2-2	Eduardo Sanches Maragoto	martes e xoves 17:30-18:30
PO-A2-3	Eduardo Sanches Maragoto	martes e xoves 19:30-20:30
PO-B1-1	Beatriz Bieites Peres	mércores e venres 9:00-10:00
PO-B1-2	Beatriz Bieites Peres	luns e mércores 17:30-18:30
PO-B2-1	Raquel Alonso Araújo	martes e xoves 9:00-10:00
PO-B2-2	Raquel Alonso Araújo	luns e mércores 19:30-20:30
PO-C1-1	Ivonette da Silva Isidoro	mércores e venres 9:30 -10:30

PO-C1-2	Ivonette da Silva Isidoro	mércores e venres 17:30 -18:30
PO-C2-1	Valentim Fagim	martes e xoves 9:00-10:00
PO-C2-2	Valentim Fagim	martes e xoves 19:30-20:30

ANEXO I

REGISTRO DE ACTIVIDADES DE TELEDUCENCIA, TITORIZACIÓN E COORDINACION

CURSO 20-21

PROFESOR/A:

*Para as actividades síncronas, cómpre incluír información sobre:

1. data
2. horario
3. grupo
4. descrición da actividade
5. incidencias técnicas se as houbera
6. ausencias/participación do alumnado

Día	Nivel e grupo	*Actividades e seguimento	Titorización	Actividades de coordinación e departamentais
